

I. DISPOSICIONES XERAIS

MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

- 4264** *Real decreto 428/2020, do 3 de marzo, polo que se modifica o Real decreto 929/1995, do 9 de xuño, polo que se aproba o Regulamento técnico de control e certificación de plantas de viveiro de froiteiras, no que respecta á cor da etiqueta de materiais de multiplicación e chantóns de froiteiras e ao contido do documento do fornecedor.*

A Directiva de execución 2014/96/UE da Comisión, do 15 de outubro de 2014, establece os requisitos de etiquetaxe aplicables aos materiais de multiplicación de froiteiras e de chantóns de froiteira destinados á produción frutícola. De conformidade coa dita directiva, a Comisión debía revisar a utilización de etiquetas de cor nos ditos materiais.

Como resultado desta revisión, a Directiva de execución (UE) 2019/1813 da Comisión, do 29 de outubro de 2019, pola que se modifica a Directiva de execución 2014/96/UE, relativa aos requisitos de etiquetaxe, precinto e embalaxe aplicables aos materiais de multiplicación de froiteiras e de chantóns de froiteira destinados á produción frutícola incluídos no ámbito de aplicación da Directiva 2008/90/CE do Consello, no que respecta á cor da etiqueta para as categorías certificadas de materiais de multiplicación e chantóns de froiteira e ao contido do documento do provedor, establece o uso obrigatorio dunha etiqueta de cor para as categorías inicial, de base e certificada en todos os Estados membros da Unión Europea. Co fin de garantir unha distinción clara entre as demais categorías e a etiqueta utilizada na categoría CAC (*Conformitas Agraria Communitatis*), esta debe ser de cor amarela. Para facilitar a utilización de etiquetas colocadas nos materiais, redúcese o contido obrigatorio que debe conter este documento.

A normativa europea non establece distincións na etiquetaxe en función do destinatario do produto, polo que debe cambiar de redacción o artigo 45 do Real decreto 929/1995, do 9 de xuño, que permitía reducir a información da etiqueta no caso dos retalistas que comercializasen plantas de viveiro de categoría CAC a consumidores finais non profesionais, e os artigos 46, 47 e 47 bis deben ser derogados. Isto supón que se requira unha modificación da redacción do artigo 1, referido ao ámbito de aplicación do real decreto, para evitar posibles erros de interpretación e garantir ao propio tempo a coherencia interna da norma.

Modifícase, así mesmo, o anexo X para unificar nunha mesma listaxe a información contida nos anexos X e XII da norma na súa redacción actual e introdúcese nos anexos XII e XIII modelos de etiquetas e de documento de acompañamento, respectivamente, para facilitar a súa aplicación homoxénea en todas as comunidades autónomas, de conformidade coa normativa europea na materia.

Na elaboración deste real decreto foron consultados as comunidades autónomas e os sectores afectados.

A regulación que se contén nesta norma axústase aos principios recollidos no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. En concreto, cumpre cos principios de necesidade e eficacia, pois trátase do instrumento máis adecuado para garantir que a normativa se aplica dun modo homoxéneo en todo o territorio nacional, o que garante o interese xeral. Tamén se adecúa ao principio de proporcionalidade, pois non existe outra alternativa menos restritiva de dereitos ou que imponha menos obrigacións aos destinatarios. En canto aos principios de seguridade xurídica, transparencia e eficiencia, a dita norma adecúase a eles, pois é coherente co resto do ordenamento xurídico, e procurouse a participación das partes interesadas, evitando cargas administrativas e asegurando o correcto cumprimento das obrigacións que se seguen para o Reino de España consecuencia do dereito da Unión Europea.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 3 de marzo de 2020,

DISPOÑO:

Artigo único. *Modificación do Real decreto 929/1995, do 9 de xuño, polo que se aproba o Regulamento técnico de control e certificación de plantas de viveiro de froiteiras.*

O Real decreto 929/1995, do 9 de xuño, polo que se aproba o Regulamento técnico de control e certificación de plantas de viveiro de froiteiras, queda modificado como segue:

Un. O artigo 1 queda redactado como segue:

«Artigo 1. *Ámbito de aplicación.*

Este real decreto aplicarase á produción, comercialización e importación de materiais de reprodución e chantóns de froiteira que se utilicen directa ou indirectamente para a produción dos seus froitos, profesionalmente ou non, dos xéneros e especies que figuran no anexo X, así como os híbridos interxenéricos, interespecíficos ou intervietais que poidan ter a mesma utilización.

Inclúense os portaenxertos e outras partes de plantas doutros xéneros ou especies, ou os seus híbridos, se se enxertan ou se deben enxertar neles materiais dun dos citados xéneros ou especies ou os seus híbridos.

Este real decreto aplicarase sen prexuízo das normas fitosanitarias establecidas no Regulamento (UE) 2031/2016 do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de outubro de 2016, relativo ás medidas de protección contra as pragas dos vexetais.»

Dous. Os artigos 40 a 45, ambos incluídos, quedan redactados como segue:

«Artigo 40. *Partidas identificadas.*

As partidas de plantas de viveiro das especies recollidas no anexo X deberán estar debidamente identificadas durante todos os procesos a que sexan sometidas desde o momento da súa recollida no campo ata a súa comercialización.

Artigo 41. *Etiquetaxe de materiais iniciais, de base ou certificados.*

1. O organismo oficial responsable elaborará e colocará unha etiqueta nos vexetais ou partes de vexetais que se vaian comercializar como materiais de multiplicación ou chantóns de froiteira destinados á produción frutícola. O organismo oficial responsable poderá autorizar o produtor a elaborar e colocar a etiqueta baixo a súa supervisión. As condicións desta autorización estableceranse regulamentariamente.

2. Os materiais iniciais, de base ou certificados irán etiquetados individualmente, ou en feixes ou en envases, segundo as seguintes normas:

Os materiais de multiplicación ou chantóns de froiteira que formen parte do mesmo lote poderanse comercializar cunha soa etiqueta se forman parte da mesma embalaxe, feixe ou envase, en todos os casos precintado.

Os chantóns de froiteira con un ou máis anos de antigüidade deberanse etiquetar individualmente. En tal caso, se os chantóns foron producidos directamente no solo, a etiquetaxe deberase levar a cabo sobre o terreo, antes da arrinca.

Se estes chantóns con un ou máis anos de antigüidade se comercializan nunha campaña posterior á da súa certificación, débense someter a unha nova comprobación das condicións necesarias para a súa certificación. A data desta segunda certificación deberase reflectir na etiqueta con que se comercialice o material. Nesta situación poderase admitir a reetiquetaxe despois da arrinca dos chantóns que se etiquetasen na campaña anterior.

Se non se somete a esta segunda certificación, poderase comercializar como CAC ou estándar, segundo proceda, logo de que o produtor comprobe que se cumpren os requisitos establecidos para estas categorías.

3. A etiqueta deberá conter, como mínimo, a información seguinte:

- a) A indicación “Regras e normas da UE”.
- b) A indicación “ESPAÑA”.
- c) O escudo e a denominación da comunidade autónoma competente en certificación do material.
- d) O código do produtor no Rexistro Nacional de Produtores de Sementes e Plantas de Viveiro, establecido mediante o Real decreto 1891/2008, do 14 de novembro.
- e) O código do operador no Rexistro Oficial de Produtores, Comerciantes e Importadores de Vexetais, establecido mediante a Orde ministerial do 17 de maio de 1993, cando este sexa distinto do código do produtor reflectido na alínea d.
- f) O número de lote.
- g) O número de etiqueta.
- h) O nome botánico da especie.
- i) A categoría (e, para os materiais de base, tamén o número de xeración).
- j) A denominación da variedade e, se for o caso, o clon. No caso dos padróns que non pertencen a unha variedade, o nome da especie ou o híbrido interespecífico de que se trate. Para os chantóns de froiteira, esta información facilitarase respecto aos padróns e aos enxertos. Para as variedades cuxa solicitude de rexistro oficial ou dunha protección de obtención vexetal estea pendente, a dita información debe indicar “denominación proposta” e “solicitude pendente”.
- k) Se for o caso, a indicación “variedade con descrición oficialmente recoñecida”.
- l) A cantidade.
- m) O país de produción e o seu código respectivo, se é distinto do Estado membro da etiquetaxe.
- n) O ano de emisión.
- o) Se a etiqueta orixinal se substituíu por outra, o ano de emisión da etiqueta orixinal.

4. A etiqueta estará impresa de forma indeleble, polo menos, na lingua oficial do Estado, de maneira que resulte facilmente visible e lexible.

5. A cor da etiqueta será a seguinte:

- a) Branca cunha raia violeta en diagonal para os materiais iniciais.
- b) Branca para os materiais de base.
- c) Azul para os materiais certificados.

Non obstante, establecerase anualmente, mediante resolución da Dirección Xeral de Producións e Mercados Agrarios, o código de cores que se utilizará para diferenciar os padróns e as variedades de cítricos.

6. Os números 6 e 7 do anexo XII recollen modelos oficiais de uso obrigatorio para a etiquetaxe de material inicial, de base e certificado. O produtor poderá utilizar etiquetas das dimensións máis adecuadas á súa produción.

Artigo 42. Documento de acompañamento dos materiais iniciais, de base ou certificados.

1. Cando se comercialicen materiais iniciais, de base ou certificados, o organismo oficial responsable ou o provedor autorizado elaborarán un documento de acompañamento que complementará a etiqueta.

2. O documento de acompañamento deberá cumprir, como mínimo, os seguintes requisitos:

- a) Incluír toda a información contida na etiqueta, tal como figura nela.
- b) Redactarse, polo menos, na lingua española oficial do Estado.
- c) Entregarse, polo menos, por duplicado (provedor e destinatario).
- d) Acompañar os materiais desde o establecemento do provedor ata o do destinatario.
- e) Incluír o nome e o enderezo do destinatario.
- f) Incluír a data de emisión do documento.
- g) Incluír, de ser o caso, información adicional pertinente relativa aos lotes de que se trate.

3. Se a información contida no documento de acompañamento non se corresponde coa información que figura na etiqueta, prevalecerá a información da etiqueta.

4. O anexo XIII establece o modelo de documento de acompañamento de uso obrigatorio para material inicial, de base e certificado.

Artigo 43. Requisitos de precinto e envasamento dos materiais iniciais, de base ou certificados.

1. En caso de que os materiais iniciais, de base ou certificados se comercialicen en lotes de dúas ou máis plantas ou partes de plantas, estes lotes deberán ser suficientemente homoxéneos.

2. As plantas ou partes de plantas que compoñan os ditos lotes de comercialización deberán estar nunha embalaxe, nun envase ou nun feixe, en todos os casos precintado.

3. Para os efectos deste real decreto, “precintado” significa, no caso dunha embalaxe ou envase, pechado de forma que non se poida abrir sen danar o peche e, no caso dun feixe, atado de forma que as plantas ou partes de plantas que o compoñan non se poidan separar sen danar os atumes. A embalaxe, o envase ou o feixe etiquetaranse de maneira que, de se lles quitar a etiqueta, perdan a súa validez.

4. O precinto farase baixo supervisión da autoridade competente. Poderanse determinar regulamentariamente as condicións para autorizar que a etiquetaxe e o precinto sexan realizados polo produtor baixo supervisión da autoridade competente.

Artigo 44. Etiquetaxe de materiais CAC e estándar.

1. Os materiais CAC (*Conformitas Agraria Communitatis*) comercializaranse acompañados cunha etiqueta elaborada polo produtor, conforme o disposto nos números 2, 3 e 4.

2. A etiqueta deberá conter, como mínimo, a información seguinte:

- a) A indicación “Regras e normas da UE”.
- b) O código do produtor no Rexistro Nacional de Produtores de Sementes e Plantas de Viveiro, establecido mediante o Real decreto 1891/2008, que inclúe o código do Estado membro en que se elaborou o documento e o código da autoridade competente.
- c) O número de lote.
- d) O nome botánico.
- e) A indicación “material CAC”.
- f) A denominación da variedade e, de ser o caso, o clon. No caso dos padróns que non pertencen a unha variedade, o nome da especie ou o híbrido interespecífico de que se trate. Para os chantóns de froiteira, a dita información facilitarase respecto aos padróns e aos enxertos. Para as variedades cuxa solicitude de rexistro oficial ou

dunha protección de obtención vexetal estea pendente, a dita información debe indicar “denominación proposta» e «solicitude pendente”.

- g) A data de emisión do documento.
- h) A cantidade, cando sexa distinta da unidade.

3. A etiqueta será de cor amarela.

4. A etiqueta estará impresa de forma indeleble, polo menos, na lingua española oficial do Estado, de maneira que resulte facilmente visible e lexible.

5. O material estándar irá acompañado dunha etiqueta de acordo cos números 2, 3 e 4, pero eliminarase a indicación “Regras e normas da UE” e substituirase a indicación “material CAC” por “material estándar”.

6. Os números 2, 3, 4 e 5 do anexo XII recollen modelos orientativos de etiqueta para material CAC e estándar. O produtor poderá utilizar etiquetas das dimensións máis adecuadas á súa produción e adecuar a elas a distribución do contido obrigatorio.

Artigo 45. *Equiparación co pasaporte fitosanitario.*

De acordo co establecido no Regulamento (UE) 2016/2031 do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de outubro de 2016, relativo ás medidas de protección contra as pragas dos vexetais, no caso dos materiais iniciais, básicos ou certificados das especies e xéneros recollidos no anexo X, parte A, incluírase o pasaporte fitosanitario dunha maneira clara na etiqueta oficial, conforme os modelos establecidos no Regulamento de execución (UE) 2017/2313 da Comisión, do 13 de decembro de 2017, polo que se establecen as especificacións de formato do pasaporte fitosanitario para os traslados no territorio da Unión e do pasaporte fitosanitario para a introdución e os traslados nunha zona protexida.

Para o resto das categorías, xéneros e especies, a etiqueta poderá incluír os datos correspondentes ao pasaporte fitosanitario establecidos no anexo VII do Regulamento (UE) 2016/2031 do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de outubro de 2016.»

Tres. O anexo X substitúese polo seguinte:

«ANEXO X

Parte A. Xéneros e especies a que se refire o artigo 1 que se poden producir en categorías inicial, de base, certificada e CAC, baixo regras e normas da UE

Castanea sativa Mill.
Citrus L.
Corylus avellana L.
Cydonia oblonga Mill.
Ficus carica L.
Fortunella Swingle.
Fragaria L.
Juglans regia L.
Malus Mill.
Olea europaea L.
Pistacia vera L.
Poncirus Raf.
Prunus amygdalus Batsch.
Prunus armeniaca L.
Prunus avium L.
Prunus cerasus L.
Prunus domestica L.

Prunus persica (L) Batsch.
Prunus salicina Lindley.
Pyrus L.
Ribes L.
Rubus L.
Vaccinium L.

Parte B. Xéneros e especies a que se refire o artigo 1 que se poden producir en categorías inicial, de base, certificada e estándar, baixo regras e normas españolas

Diospyros L.
Actinidia Lindl.
Ceratonía siliqua L.
Punica granatum L.
Musa.
Persea.»

Catro. O anexo XII substitúese polo seguinte:

«ANEXO XII

Modelos de etiquetas

1. Contido das epígrafes da etiqueta

Especie. Nome botánico.

Varietade. A denominación da variedade. Para as variedades cuxa solicitude de rexistro oficial ou dunha protección de obtención vexetal estea pendente, a dita información deberá indicar «denominación proposta» e «solicitude pendente».

Padrón:

– Para padróns procedentes de reprodución vexetativa, a denominación da variedade. Para as variedades cuxa solicitude de rexistro oficial ou dunha protección de obtención vexetal estea pendente, a dita información deberá indicar «denominación proposta» e «solicitude pendente».

– Para padróns provenientes de semente, o nome da especie ou o híbrido interespecífico de que se trate. Para híbridos dirixidos, xunto ao nome do híbrido interespecífico poderase engadir, entre parénteses, a denominación do cruzamento, se procede. Para padróns compostos, deberase informar da denominación dos padróns empregados, separados por unha barra (/).

Clon. Denominación do clon de acordo coa acta mediante a cal foi dado de alta pola autoridade competente da comunidade autónoma onde se encontre a planta nai inicial ou, para clons procedentes doutros Estados membros, pola autoridade competente do dito Estado membro.

Código do produtor. Código do produtor no Rexistro Nacional de Produtores de Sementes e Plantas de Viveiro, establecido mediante o Real decreto 1891/2008, do 14 de novembro, que inclúe o código do Estado membro en que se elaborou o documento e o código da autoridade competente.

Código do operador. Código do operador no Rexistro Oficial de Produtores, Comerciantes e Importadores de Vexetais, establecido mediante a Orde ministerial do 17 de maio de 1993, cando sexa distinto do código do produtor reflectido no punto anterior.

Ano de emisión. No caso de material certificado, se este se comercializa nunha campaña posterior á de certificación e etiquetaxe, débese someter a unha nova comprobación das condicións necesarias para a súa certificación. A data desta

segunda certificación deberase reflectir na etiqueta con que se comercialice o material.

Material. Deberase escoller segundo proceda: chantón, portaenxerto, enxerto ou semente. Só para as categorías inicial, de base e certificada.

Categoría. Deberase escoller segundo proceda:

Inicial.

De base.

De base. Xeración (N) segundo autorice o anexo II quinquies.

Certificada.

D. «Código de terceiros países ou Estado membro da UE, nos termos indicados no Regulamento de execución (UE) 2017/2313 da Comisión, do 13 de decembro de 2017, polo que se establecen as especificacións de formato do pasaporte fitosanitario para os traslados no territorio da Unión e do pasaporte fitosanitario para a introdución e os traslados nunha zona protexida».


2. *Modelo de etiqueta CAC: empregarse para os xéneros e especies enumerados no anexo X, parte A*

REGRAS E NORMAS DA UE	
<u>MATERIAL CAC</u>	
Especie.....	nº lote
Variedade /clon.....	
Padrón / clon:	
Cantidade:.....	
Código do produtor:.....	
Ano de emisión:	

nº lote	<u>MATERIAL CAC</u> REGRAS E NORMAS DA UE Especie:..... Variedade/clon:..... Padrón/clon:..... Cantidade..... Código do produtor Ano de emisión:
---------	--

3. Modelo de etiqueta CAC combinada co pasaporte fitosanitario: empregarase para os xéneros e especies enumerados no anexo X, parte A

	PASAPORTE FITOSANITARIO/ PLANT PASSPORT
A Especie..... Variedade /clon..... Padrón / clon:	
B Código do operador profesional C nº lote D Código terceiros países ou Estado membro da UE	
REGRAS E NORMAS DA UE <u>MATERIAL CAC</u>	
Cantidad:..... Código do produtor:..... Ano de emisión:	


	PASAPORTE FITOSANITARIO / PLANT PASSPORT	
<u>MATERIAL CAC</u> REGRAS E NORMAS DA UE	A Especie..... Variedade /clon..... Padrón / clon: B Código do operador profesional C nº lote D Código terceiros países ou Estado membro da UE	Cantidad:..... Código do produtor:..... Ano de emisión:


4. Modelo de etiqueta estándar: empregarase para os xéneros e especies enumerados no anexo X, parte B

<u>MATERIAL ESTÁNDAR</u>	
Nome botánico	nº lote
Variedade /clon.....	
Padrón / clon:	
Cantidad:.....	
Código do produtor:.....	
Ano de emisión:	


nº lote	<u>MATERIAL</u> <u>ESTÁNDAR</u>	Especie:..... Variedade/clon:..... Padrón/clon:..... Cantidad..... Código do produtor Ano de emisión:
---------	--	--


5. Modelo de etiqueta estándar combinada con pasaporte fitosanitario: empregarase para os xéneros e especies enumerados no anexo X, parte B

	PASAPORTE FITOSANITARIO / PLANT PASSPORT
A Especie..... Variedade /clon..... Padrón / clon: B Código do operador profesional..... C nº lote D Código terceiros países ou Estado membro da UE	
<u>MATERIAL ESTÁNDAR</u>	
Cantidad:..... Código do produtor:..... Ano de emisión:	

MATERIAL ESTÁNDAR		PASAPORTE FITOSANITARIO / PLANT PASSPORT	
	A Especie..... Variedade /clon..... Padrón / clon: B Código do operador profesional C nº lote D Código terceiros países ou Estado membro da UE		Cantidad:..... Código do produtor:..... Ano de emisión:

6. Modelo de etiqueta para material inicial, de base e certificado, combinada co pasaporte fitosanitario: empregarase para os xéneros e especies enumerados no anexo X, parte A

	PASAPORTE FITOSANITARIO / PLANT PASSPORT
REGRAS E NORMAS DA UE	
<u>CATEGORÍA</u> ESPAÑA	
Escudo e denominación da comunidade autónoma competente Material:..... Especie:..... Variedade /clon..... Padrón / clon: Cantidad:..... Código do produtor:..... Código do operador:..... Ano de emisión:	nº lote e nº de etiqueta

nº lote e nº de etiqueta		PASAPORTE FITOSANITARIO / PLANT PASSPORT
	CATEGORÍA REGRAS E NORMAS DA UE	ESPAÑA
		Escudo e denominación da comunidade autónoma competente
		Material:..... Especie:..... Variedade/clon:..... Padrón/clon:..... Cantidad:..... Código do produtor Código do operador..... Ano de emisión:

7. Modelo de etiqueta para material inicial, de base e certificado: empregarse para os xéneros e especies enumerados no anexo X, parte B

CATEGORÍA ESPAÑA	
Escudo e denominación da comunidade autónoma competente Material:..... Especie:..... Variedade/clon..... Padrón / clon: Cantidad:..... Código do produtor:..... Código do operador:..... Ano de emisión:	nº lote e nº de etiqueta

nº lote e número de etiqueta	CATEGORÍA	ESPAÑA	Escudo e denominación da comunidade autónoma competente
			Material:..... Especie:..... Variedade/clon:..... Padrón/clon:..... Cantidad:..... Código do produtor Código do operador..... Ano de emisión:

Cinco. O anexo XIII substitúese polo seguinte:

«ANEXO XIII

Modelo de documento de acompañamento de uso obrigatorio para material inicial, de base e certificado

<p>ESPAÑA Comunidade autónoma Código do produtor..... (Produtor autorizado por <u>denominación do organismo competente en certificación na comunidade autónoma competente</u> para a emisión de documentación de acompañamento) Regras e normas da Unión Europea</p> <p>Data de emisión do documento:,..... de de.....</p> <p>Nº de albará:.....</p> <table border="1" style="width: 100%;"> <tr> <td>Cliente (destinatario)</td> <td>CIF ou DNI</td> </tr> <tr> <td>Domicilio</td> <td>Localidade</td> </tr> </table>							Cliente (destinatario)	CIF ou DNI	Domicilio	Localidade																															
Cliente (destinatario)	CIF ou DNI																																								
Domicilio	Localidade																																								
<table border="1" style="width: 100%;"> <thead> <tr> <th>Especie</th> <th>Categoría</th> <th>Variedade /clon</th> <th>Padrón /clon</th> <th>Tipo de material</th> <th>Lote</th> <th>Cantidade</th> </tr> </thead> <tbody> <tr> <td> </td> <td> </td> <td> </td> <td> </td> <td> </td> <td> </td> <td> </td> </tr> <tr> <td> </td> <td> </td> <td> </td> <td> </td> <td> </td> <td> </td> <td> </td> </tr> <tr> <td> </td> <td> </td> <td> </td> <td> </td> <td> </td> <td> </td> <td> </td> </tr> <tr> <td> </td> <td> </td> <td> </td> <td> </td> <td> </td> <td> </td> <td style="text-align: right;">»</td> </tr> </tbody> </table>	Especie	Categoría	Variedade /clon	Padrón /clon	Tipo de material	Lote	Cantidade																												»						
Especie	Categoría	Variedade /clon	Padrón /clon	Tipo de material	Lote	Cantidade																																			
						»																																			

Disposición transitoria única. Etiquetas.

1. As etiquetas de material inicial, de base e certificado, e as etiquetas CAC e estándar amarelas que se imprimisen con anterioridade ao 1 de abril de 2020 poderanse utilizar ata o 30 de xuño de 2021, sen prexuízo do estipulado no Regulamento (UE) 2016/2031 do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de outubro de 2016, en relación co pasaporte fitosanitario.

2. Ata o 30 de xuño de 2021 poderanse comercializar en territorio español materiais CAC e estándar que leven etiquetas dunha cor distinta da amarela, se esas etiquetas xa se utilizaban antes do 1 de abril de 2020. Non se poderán empregar estas etiquetas en material comercializado noutros Estados membros da Unión Europea.

Disposición derogatoria única. Derogación normativa.

Quedan derogados os artigos 46, 47 e 47 bis do Real decreto 929/1995, do 9 de xuño, polo que se aproba o Regulamento técnico de control e certificación de plantas de viveiro de froiteiras.

Disposición derradeira primeira. *Incorporación de dereito da Unión Europea.*

Mediante este real decreto incorpórase completamente ao dereito español a Directiva de execución (UE) 2019/1813 da Comisión, do 29 de outubro de 2019, pola que se modifica a Directiva de execución 2014/96/UE, relativa aos requisitos de etiquetaxe, precinto e embalaxe aplicables aos materiais de multiplicación de froiteiras e de chantóns de froiteira destinados á produción frutícola, incluídos no ámbito de aplicación da Directiva 2008/90/CE do Consello, no que respecta á cor da etiqueta para as categorías certificadas de materiais de multiplicación e chantóns de froiteira e ao contido do documento do provedor.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o 1 de abril de 2020.

Dado en Madrid o 3 de marzo de 2020.

FELIPE R.

O ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación,
LUIS PLANAS PUCHADES